

# MAREAL/CÍES




Área de Medio Ambiente,  
Sanidade e Consumo

Os límites do concello de Vigo esténdense ao longo de 46 km de costa, nos que se suceden 38 areas que ocupan unha extensión de 11,2 km, aos que hai que sumar as nove praias das illas Cíes na cabeceira da ría e os seus 100.000 m<sup>2</sup>. A area das praias procede de restos de cunchas, e tamén de esqueletos de ourizos, algas calcáreas... e sedimentos debidos á erosión mariña das superficies rochosas e outros sedimentos transportados polos ríos.



## NA RÍA DE VIGO

- **Extensión:** ten 176 km<sup>2</sup> e é a segunda máis grande de Galicia (despois da de Arousa).
- **Afloramento:** entre maio e setembro, predomina o vento do norte, polas altas presións, que empurra as augas superficiais, máis cálidas, cara a fóra da ría e permite que emerxan as augas profundas e frías cargadas de nutrientes.
- **Mareas vivas:** durante os equinoccios de primavera (21-22 de marzo) e outono (22-23 de setembro), a baixamar é intensa e é o mellor momento para ver algas, moluscos, crustáceos...



# AREAIS

MAREAL/CÍES



- 1 Cacharela
- 2 Mende
- 3 Ríos
- 4 Etea

- 5 Punta + & P
- 6 Areiño
- 7 Lagoa
- 8 A da fábrica

- 9 Manquiña
- 10 Adro & P
- 11 Fontoura

## Pictogramas

- |                  |                         |
|------------------|-------------------------|
| + Socorrismo     | 🚲 Aparcadoiro bicis     |
| & Discapacitados | 🚿 Duchas                |
| P Aparcadoiro    | 🏃 Zona de lecer/deporte |



Google maps

12 Carril P 🚶

13 Santa Baia P 🚶

14 O Cocho P 🚶

15 Mourisca

16 Fontes P 🚶

17 Tombo do Gato + 🚶 P 🚲 🚸

18 Espedrigada P

19 Cocho das dornas P

20 Argazada + 🚶 P 🚶 🚸

21 Samil + 🚶 P 🚶 🚸

22 Foz P

23 Galzoa P 🚶

24 Fechiño P

25 Fontaiña + 🚶 P 🚶

26 Baluarte 🚶

27 O Vao P

28 Toralla

29 Serral

30 Ganido + 🚶 P 🚶

31 Xunqueiro P 🚲 🚶

32 Sobreira P

33 Buraca P

34 Gala da Furna

35 Canto da Area

36 Da/o Noivo/a

37 Fortiñón + P 🚶

38 Portiño P 🚶 🚶



Google maps

## ILLA DE MONTE AGUDO

- 1 Cantareira
- 2 Margaridas
- 3 Figueiras
- 4 Mixueiro
- 5 Areiña

## ILLA DO FARO

- 6 Rodas  
- 7 Bolos
- 8 A Nosa Señora (Carracido)

## ILLA DE SAN MARTIÑO (OU SUR)

- 9 San Martiño

## Pictogramas

- |  |   |
|--|---|
|  Socorrismo     |  Aparcadoiro bicis     |
|  Discapacitados |  Duchas                |
|  Aparcadoiro    |  Zona de lecer/deporte |

## ARQUIPÉLAGO DAS CÍES

Pertence ao P. N. Illas Atlánticas e está a 14,5 km de Vigo.

- **Paraíso:** fondos mariños (85% do espazo protexido) cantís, praias e dunas é o patrimonio ecolóxico do parque.

- **Clima morno:** as nubes non se deteñen (o Alto das Cíes ten só 197 m), a temperatura media é de 13-15 graos e caen 875 mm de chuvia no ano (máis de 1.400 mm en Vigo).

- **Historia:** chamadas *Siccae* (áridas) por algúns autores clásicos, foron habilitadas ou visitadas por castrexos, romanos, piratas e frades da orde benedictina.



Lalo R. Villar

## PAISAXE

Debuxada pola acción corrosiva do vento e do mar; destacan os nichos de abella (cavidades redondeadas nas rochas) e as furnas, covas mariñas nas zonas de cantís.

## ITINERARIOS

Hai establecidos diferentes itinerarios que permiten coñecer as illas de Monte Agudo, Monte Faro e San Martiño. En todo momento hai que respetar a fauna e flora do lugar.



Lalo R. Villar

# DUNAS

MAREAL/CÍES




Novocontorno



Alfred (C.C.)

## A ACCIÓN DO VENTO

As areas transportadas polos ventos que van en dirección á terra desde a praia xeran as dunas. Normalmente, inícianse a partir dalgún obstáculo que retén as areas no seu contorno. O vento determina ademais os movementos e o perfil asimétrico das dunas: a vertente a barlovento amosa unha pendente acusada, e a sotavento é suave pola acumulación da area.



Alfred (C.C.)

## RAÍCES

O sistema radicular das plantas salinas, como as do xénero *Ammophila*, moi resistentes á seca, mantén unidas ás pequenas dunas e evita que o vento se leve a area.

1. **Dunas establecidas**
2. **Fondal, onde pode quedar auga e crecer vexetación**
3. **Dunas litorais**
4. **A vexetación salina evita que o vento leve a area**
5. **Areal**



Angelo Giampiccolo / Forolia

**Polbo** (*Octopus vulgaris*) e detrás gorgonias vermellas (*Paramuricea clavata*); non son plantas senón colonias de pólipos (animais invertebrados).

### MOSAICO DE HÁBITATS

Os fondos mariños de rocha, area, cuncha..., as comunidades de algas coralináceas (“maërl”; o que en Galicia chámase coral), os bosques de laminarias e as pradarias de zosteria mariña, que osixenan as augas e fixan os fondos arenentos, forman un mosaico de hábitats esencial para manter a biodiversidade da ría. Neles atopan alimento, refuxio e lugar de posta a centola, o congro, a estrela de mar, a sepia, o linguado e a raia, a nécora, os percebes...



Liné I (C.C.)

**Kastre** (*Galathea strigosa*) é un crustáceo que pode alcanzar os 9 cm de longo.



Parent Géry (C.C.)

**A sepia**, (*Sepia officinalis*) desova nas augas da ría no mes de xaneiro.



# LITORAL

MAREAL/CÍES



Lalo R. Villar

## ARRIBAZÓNS DE ALGAS

A partir de outubro, empezan os temporais e con eles chegan aos areais as primeiras arribazóns, compostas de restos de algas, postas baleiras de ovos de raia e restos doutros crustáceos e moluscos; unha mestura que alimentará a aves e outras especies do litoral.



Maria Antonia Sampayo (C.C.)

**As mareas tóxicas** prodúcense cando proliferan certas algas polo aumento da temperatura da auga, de nutrientes... Chámanse “mareas vermelas”, pero poden ser doutras cores.



Lalo R. Villar

**As bateas** están na ría dende 1949. Hoxe hai 478, onde se cría sobre todo mexillón da subespecie *galloprovincialis*.

## PLANTAS DAS DUNAS

A **camariña** abundaba tanto que deu nome a aldeas galegas. Pero as dunas, o seu hábitat, empezaron a minguar e con elas esta planta. Hoxe estase a recuperar e podes vela nalgunhas dunas do concello e das Cíes.



*Corema album*

Novocontorno



*Crithmum maritimum*

Alvesgaspar (C.C.)

## CANTÍS MARIÑOS

Nas Cíes teñen a maior superficie de vexetación de cantís de Galicia. Nas zonas preto das ondas, medran o perexil de mar (*Crithmum maritimum*) e a herba de namorar (*Armeria pubigera*); e arriba, a macela mariña (*Matricaria maritima*) e a herba das culleres (*Cochlearia danica*)...



Novocontorno

**Othanthus maritimus** medra nas dunas estables.



Novocontorno

**Calystegia soldanella** pode verse no fronte dunar cara ao mar.

# FAUNA

MAREAL/CÍES

## OBSERVATORIO

As costas da ría de Vigo e as illas Cíes son un observatorio privilexiado de aves, mariñas e de paso, e ademais albergan mamíferos e un importante número de réptiles e insectos, menos coñecidos, pero non menos importantes.

## MAMÍFEROS



NASA (C.C.)

*Tursiops truncatus*

## Arroaces

Poden verse sobre todo en torno á illa de Toralla e a zona norte da ría. Nas Cíes hai ademais algúns mamíferos terrestres, como londras, musarañas, coellos e morcegos.

## ¡EN PERIGO!



Luis Nunes Alberto (C.C.)

*Zerynthia rumina*

## *Zerynthia rumina*

é unha volvoreta catalogada en España en perigo de extinción e de escasa presenza en Galicia. Voa de febreiro a maio e alcanza 5 cm.



Creative Commons

*Chalcides bedriagai*

## O esgonzo ibérico

vive en matogueiras e dunas das illas Cíes. Ten un alto valor bioxeográfico: é un endemismo de moi restrinxida presenza en Galicia.

AVES MARIÑAS

Nos cantís das Cíes crían até 1.500 parellas de corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*). O corvo mariño grande (*Phalacrocorax carbo*) non nidifica nas Cíes, pero pode verse durante o inverno na ría.



*Phalacrocorax carbo*

Marc Haisenko (C.C.)



*Sterna hirundo*

Dick Daniels (C.C.)

AVES DE PASO

O carrán (*Sterna hirundo*) déixase ver no litoral de Oia e Coruxo no paso prenupcial (abril/maio) e no paso posnupcial (setembro/outubro). En inverno pódense ver nas Cíes o mascato (*Morus bassanus*), o colimbo ártico (*Gabia arctica*), e a garza (*Ardea cinerea*).



*Larus fuscus*

Ludovic Péron (C.C.)



*Uria aalge*

M. Buechmann (C.C.)

**A gaivota escura** é a máis difícil de ver de todas as gaivotas.

**O arao** era común nas costas gallegas; agora pode desaparecer.